

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 2 de marzo de 2006, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral do ente público Portos de Galicia.

Visto o acordo acadado pola comisión negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral do ente público Portos de Galicia, na reunión celebrada o 9 de febreiro de 2006, referente á modificación do artigo 15 do convenio colectivo, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta dirección xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2006.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

Acordo de modificación do artigo 15 do I convenio colectivo de Portos de Galicia pola inclusión do concurso de traslados como sistema de provisión de vacantes do cadro de persoal laboral fixo de empregados no ámbito deste convenio:

O punto 3 do artigo 15º queda redactado do seguinte xeito:

O presidente deste ente público procederá á provisión de vacantes do cadro de persoal fixo de empregados incluídos no ámbito deste convenio, tendo en conta, para cubrir as vacantes existentes, a seguinte orde de preferencia:

-Os empregados do cadro de persoal fixo da categoría, na praza que obteñan por concurso de traslados convocado para o efecto.

-Os excedentes da mesma categoría en expectativa de reingreso.

-Os empregados do cadro de persoal fixo, por razón de promoción interna e cambio de categoría.

-Os empregados de nova incorporación.

Inclúese un novo punto 4 baixo a epígrafe de concurso de traslados, e con seguinte contido:

A provisión de postos de traballo mediante o sistema de concurso realizarase logo de convocatoria pública para o efecto na cal, entre outros extremos, se fará constar:

-Vacantes que se ofertan e requisitos para o seu desempeño.

-Unha única fase de resultas.

-Baremo de méritos aplicable a cada convocatoria.

-Requisitos que deben reunir os/as interesados/as para participar no concurso. En todo o caso, terán a condición de persoal laboral fixo de Portos de Galicia na categoría para a cal concursan; máis un mínimo de 2 anos de antigüidade desde que os/as interesados accedesen á praza que veñan desempeñando, agás que esta se provea polo sistema de libre designación ou que se dea a situación de incremento do cadro de persoal respecto desa categoría con prazas de nova creación, caso este último para o cal se eximirán os interesados/as do cumprimento deste último requisito. Exceptúase deste último requisito o persoal que se atope en excedencia voluntaria por incompatibilidade na categoría desde a cal concursa e que estea pendente de reingreso.

-Terán preferencia nas resultas dos concursos de traslados os/as traballadores/as que fagan constar razóns de reunificación familiar na súa solicitude e que o xustifiquen axeitadamente. Para tales efectos, enténdese que hai reunificación familiar cando, como consecuencia do concurso, ambos os dous cónxuxes ou parella de feito coincidan nos seus respectivos traballos, na mesma localidade ou en localidade de concello limítrofe ou en distancias non superiores a 30 km. Estas circunstancias cando sexan alegadas polo solicitante terán que xustificarse documentalmente xunto coa súa solicitude.

-Procederase á convocatoria e resolución de concurso de traslados, previamente á incorporación de persoal laboral fixo en cada categoría, como consecuencia da convocatoria de procedementos selectivos convocados para o efecto.

-A convocatoria dos concursos de traslados será realizada polo presidente de Portos de Galicia, quen nomeará, para a súa resolución, unha ou varias, segundo os casos, comisións de valoración, que terán a seguinte composición:

-Un/unha presidente/a que será o titular da Dirección de Portos de Galicia ou persoa en quen delegue.

-Un/unha secretario/a con voz e voto.

-Dous representantes dos/as traballadores/as, por proposta dos representantes de persoal de Portos de Galicia.

Estas comisións terán a consideración de tribunais e/ou comisións de selección, segundo o regulado na

Resolución do 17 de xullo de 2001, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal do ente público Portos de Galicia, ou norma que a substitúa.

-Transcorrido o prazo para a presentación de instancias, estas serán vinculantes para o/a petionario/a e os destinos adxudicados serán irrenunciabes, agás que se obtivese outro destino mediante convocatoria pública antes de rematar o prazo de toma de posesión. Así mesmo, e con carácter excepcional poderase renunciar á participación no concurso, antes de rematado o prazo de reclamación das listas provisionais, sempre que exista causa grave xustificada, debidamente acreditada, que, en todo caso, será libremente apreciada pola comisión de valoración.

-No suposto de que houbera varias peticións para un mesmo destino, a súa adxudicación realizarase de acordo coa seguinte orde de prelación:

-Antigüidade laboral do/a petionario/a.

-Que o cónxuxe ou parella de feito fose trasladado con carácter forzoso a un posto de traballo que implique cambio de domicilio.

-Número de fillos ou conviventes ata o segundo grao de parentesco.

-Os traslados derivados da participación no concurso terán en todo caso, carácter voluntario e, en consecuencia, non xerarán dereito ao percibimento de indemnización ningunha.

-O persoal laboral que ocupe postos de traballo obtidos por concurso, poderán ser removidos deles por desaparición do posto como consecuencia dunha modificación da relación de postos de traballo correspondente, ou por falta de capacidade para o desempeño manifestada por rendemento insuficiente que non comporte inhibición. Neste caso, a remoción efectuarase logo dun expediente contradictorio mediante resolución motivada da presidencia de Portos de Galicia, contando co informe previo preceptivo da representación de persoal deste ente público.

O persoal afectado pola remoción quedará á disposición dos órganos de dirección, que lle atribuirán o desempeño provisional dun posto de traballo correspondente á súa categoría profesional na mesma localidade do posto que é removido. Se isto non fose posible, os representantes do persoal propondrán que sexa destinado a un posto de traballo correspondente á súa categoría profesional na localidade máis próxima á do posto do cal foi removido. Os postos así cubertos deberán incluírse no seguinte concurso de traslados e os/as que se atopen nesta situación están obrigados a participar no devandito concurso e a solicitar todos os postos que, correspondendo á súa categoría, se convoquen.

Os actuais puntos 4, 5 e 6 do artigo 15 pasan a ter a seguinte numeración: 5, 6 e 7.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2006.

Vicente Irisarri Castro, presidente de Portos de Galicia. Jesús J. Fernández Barros, presidente do comité de empresa da provincia da Coruña. Jesús J. Fernández Barros, delegado de persoal provincia de Lugo. José Juan Baulde López, delegado de persoal da provincia da Pontevedra. Marta Molina de Juana, Iñaki Fariña Muradás, Valentín Domínguez Fernández, Juan Carlos Pérez Oviedo, membros do comité de empresa da provincia da Coruña.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso a categorías correspondentes ao grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia pola quenda de promoción interna e cambio de categoría.

De conformidade co establecido no Decreto 161/2005, do 16 de xuño, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas prazas de persoal laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 (DOG nº 116, do 17 de xuño), esta consellería no uso das competencias que lle atribúe o artigo 10 do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia,

DISPÓN:

I. Normas xerais.

I.1. Convócase proceso selectivo para o acceso ás categorías do grupo III que figuran no anexo I da presente convocatoria.

I.1.1. O número total de vacantes reservadas ao sistema de promoción interna e cambio de categoría, se é o caso, será, para cada categoría, o reflectido no anexo I, sendo en todo caso dun 50% para a quenda de promoción interna e tendo en conta que cando o resultado da aplicación da citada porcentaxe dea un resto igual ou superior a 0,5 computarase como unha praza a incluír en tal cota.

I.1.2. As prazas sen cubrir das reservadas ao sistema de promoción interna e cambio de categoría acumularanse ao sistema de acceso libre.

I.1.3. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o disposto nos artigos 8 e seguintes do IV convenio colectivo único e demais normas concordantes, así como o disposto na presente convocatoria.